



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

PROTOCOLO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Covid-19



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1. OBXECTO

O Concello de Camariñas, Concellería de Deportes, o día , acordou modificar o Protocolo Covid-19 que recolle as normas de uso das instalacións deportivas municipais durante a tempada 2020/2021 e en tanto non se supere a crise sanitaria ocasionada pola Pandemia.

O dito protocolo, redactouse tendo en conta os acordos do Consello da Xunta de Galicia, por ser esta a autoridade competente en materia sanitaria, así como as normas propias do Concello de Camariñas en canto ao uso das instalacións deportivas que son da súa titularidade.

En concreto, aténdese ao establecido na Orde do día 12 de xuño de 2020 (DOG núm.) así como as posteriores Ordes que a modifiquen e complementen.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O protocolo será de obrigada aplicación en todas as instalacións deportivas municipais, situadas no termo municipal de Camariñas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

3. COORDINADOR/A COVID-19

O Concello de Camariñas poñerá en coñecemento de todas as entidades deportivas do Concello de Camariñas que adestren ou compitan nas súas instalacións deportivas este protocolo, o cal é de obrigado cumprimento para todas elas.

No caso de que se incumpra o protocolo, o Concello poderá impedirles a entrada nas instalacións deportivas municipais.

Co fin de garantir que se cumpre o establecido neste protocolo, cada entidade deportiva deberá entregarlle asinado ao Servizo Municipal de Deportes un documento de aceptación do protocolo así como de adhesión ao plan de auto protección ou de emerxencia da instalación deportiva onde adestran e compiten. O documento achégase como Anexo I.

No documento de aceptación figurará a persoa que exercerá as funcións de **Coordinador/a Covid-19**, que será unha persoa da entidade deportiva que asumirá a responsabilidade de que se cumpran todas as medidas de protección da saúde establecidas tanto neste protocolo como no resto de normativa de aplicación, así como un teléfono de contacto desa persoa.

A maiores, cando se trate de entidades deportivas que conteñan un número elevados de equipos, poderase nomear a un **Delegado/a Covid-19** por cada equipo que actuará de acordo coas ordes dadas polo/a Coordinador/a Covid-19.

O/A Coordinador/a e o/a Delegado/a poderán ser a mesma persoa.

En todo caso, a persoa nomeada debe estar presente, en todo momento, tanto nos adestramentos como nas competicións.

O Coordinador/a ou Delegado/a Covid-19 pode ser distinto do adestrador ou adestradora, podendo incluso exercer as funcións de Delegado/a unha persoa voluntaria que non pertenza á directiva do club ou entidade deportiva, sempre e cando se responsabilice das súas funcións.

Será preciso achegar, con carácter previo, a listaxe dos/as Delegados/as Covid-19 de cada equipo. Esa persoa figurará no Libro de rexistro achegado pola entidade.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

4. NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

4.1 PERSOAL AUTORIZADO PARA ACCEDER ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O acceso ás instalacións deportivas municipais estará restrinxido **única e exclusivamente a xogadores/as e técnicos/as da entidade deportiva que acudan habitualmente aos adestramentos.**

En ningún caso os grupos poderán ser superiores aos establecidos na normativa autonómica. No caso concreto de grupos estables, deberase enviar por e-mail (deportes@camarinas.net), unha listaxe das persoas que compoñen cada grupo estable, a ou as persoas encargadas de facer o control estrito de todas as normas marcadas neste protocolo (coordinador/a ou delegado/a Covid-19) de cada un dos equipos.

A persoa Coordinadora Covid-19 (ou no seu caso Delegada Covid-19) realizará un control estrito do acceso ás instalacións deportivas, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas. As persoas autorizadas serán as estritamente necesarias para realizar un adestramento, así como o Coordinador/a ou Delegado/a Covid-19.

Isto é fundamental para controlar o aforo permitido en cada instalación.

O acceso aos partidos por parte de afeccionados virá determinado polo club organizador. Así, eles decidirán cantos acceden (cumprindo coa normativa que haxa nese intre), como acceden e quen accede (socios, afeccionados visitantes...).

4.2 LIBRO DE REXISTROS E CONTROL DA TEMPERATURA

Todos os días, á entrada da instalación, o/a Coordinador/a Covid-19 (ou no seu caso Delegado/a) fará un rexistro co nome e apelidos, hora de entrada, hora de saída e temperatura corporal de todas as persoas autorizadas da entidade que accedan á instalación.

Esta información recollerase nun **Libro de Rexistros**.

O Libro de Rexistros, que será deseñado por cada entidade, recollerá ademais todas as incidencias de seguridade ou sanitarias identificadas.

Unha copia das devanditas incidencias remitiráselle ao técnico municipal responsable.

No caso de que a temperatura corporal supere os 37.4 grados, a persoa non poderá acceder á instalación deportiva.

É dicir, está prohibido entrar nunha instalación deportiva municipal con 37.5 grados ou máis.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

4.3 MATERIAL DE PROTECCIÓN

Sería recomendable que a entidade puidera poñer a disposición dos/as deportistas e técnicos/as máscaras e solucións desinfectantes que cumpran as especificacións técnicas e estándares de calidade marcados polo Ministerio de Sanidade.

Non se poderá acceder ás instalacións sen máscaras de protección.

4.4 SAÍDA E ENTRADA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Cada equipo poderá acceder ás instalacións deportivas nas horas marcadas e haberá un tempo de deceso entre saída e entrada necesario para evitar os contactos co equipo entrante, sexan ou non do mesmo club.

En ningún caso poderá acceder un equipo a unha instalación deportiva municipal se o outro equipo aínda non abandonou o recinto destinado ao adestramento. Nese caso, o persoal de conserxería impedirlle a entrada ao equipo que corresponda.

4.5 USO DE VESTIARIOS E DUCHAS

Debido ao aforo marcado para o uso de vestiarios e ademais, a que o uso dos ditos vestiarios non se recomenda polo persoal sanitario polo posible foco de contaxios, o uso regularase do seguinte xeito:

1. Aforo limitado a 1 persoa por cada 4 metros cadrados. O aforo estará marcado na porta do vestiario. **Nos se permiten as charlas grupais previas e posteriores aos encontros.**
2. Separación de 1,5 metros entre cada usuario/a.
3. Máscara obrigatoria, salvo na ducha.
4. Duchas con separación de 1,5 metros.
5. **No caso da realización de adestramentos, non estará permitido o uso dos vestiarios.**
6. **No caso de competicións:**

O uso de vestiarios nos encontros amigables ou oficiais virá determinado polo club organizador. Así o club, decidirá o uso ou non, dos vestiarios e das duchas, sempre e cando fagan cumprir a normativa exposta neste protocolo.

Correspóndelle ás entidades deportivas informar debidamente aos equipos visitantes destas normas.

7. En todo caso, estas regras poden variar en función das actividades programadas e dos espazos dispoñibles nas instalacións.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

4.6 LIMPEZA E DESINFECCIÓN

O Concello de Camariñas encargárase da limpeza das instalacións municipais (vestiarios e pista de xogo) e mobiliario das mesmas (bancos de suplentes) así como da desinfección que considere necesaria.

Non obstante, cada entidade debe manter limpo e desinfectado o material (xa sexa propio ou cedido polo Concello). Está prohibido cuspir, tirar papeis, máscaras ou roupa no chan,...

No caso concreto dos ximnasiaos, e debido ao posible foco de infección que se pode xerar, cada entidade deberá encargarse de desinfectar as máquinas, tanto entre uso e uso de cada persoa, como ao rematar a utilización do mesmo co fin de que quede desinfectado para a entrada do seguinte equipo

4.7 NÚMERO MÁXIMO NOS GRUPOS DE ADESTRAMENTO

Atenderase ao establecido pola normativa autonómica. No día en que se redactou este protocolo está marcado o seguinte:

No caso de **actividade física non federada**: máximo 25 persoas e en todo caso co límite de 2/3 do aforo. **Actualmente 5 usuarios e un monitor.**

No caso de competicións nacionais de carácter profesional, poderase adestrar en grupos estables, máximo 25 persoas.

No caso de competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal que poidan implicar contacto físico, poderase adestrar en grupos de composición estable, máximo 25 persoas

No resto de competición federada, de competencia autonómica: a práctica da actividade deportiva poderase realizar de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de **25 persoas simultaneamente nos adestramentos**. Dita norma virá establecida polo Concello de Camariñas, xa que a Consellería de Sanidade indica que o número máximo de participantes serán os que veñan reflectidos nos diferentes protocolos das Federacións Deportivas Galegas.

En todo caso, as regras anteriores deberán axustarse ao establecido na normativa autonómica para as instalacións deportivas. **Os grupos de adestramento e competición deben de ter obrigatoriamente** unha composición estable e deberase enviar unha listaxe por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico deportes@camarinas.net.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

4.8 USO DA MÁSCARA NOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS

Atenderase ao establecido pola normativa autonómica. No día en que se redactou este protocolo está marcado o seguinte:

No caso de actividade física non federada: será sempre obrigatoria.

No caso de competición profesional e non profesional de carácter estatal: non deberán ter máscara os e as deportistas no momento de estar na pista. Nos demais casos deberán levala sempre posta.

No caso de competición de competencia autonómica: atenderase ao establecido no protocolo de cada federación. No caso de que non estea regulado será obrigatoria salvo que a federación propoña outros medios alternativos de protección.

4.9 AFORO DOS/AS ESPECTADORES/AS NAS COMPETICIÓNS

Correspóndelle á entidade deportiva o control e desenvolvemento do xeito do acceso dos/as espectadores/as na instalacións deportivas municipais, **co fin de evitar aglomeracións na entrada e saída das instalacións.**

Asemade, **correspóndelle á entidade deportiva levar un rexistro das persoas autorizadas para acceder ás instalacións como espectadores/as en cada competición.**

Esa listaxe debe estar no seu poder por se o solicitan as autoridades sanitarias ou o Servizo Municipal de Deportes.

Se a entidade non pode garantir ese control de accesos, non estará permitida a entrada mais que aos e ás deportistas, corpo técnico, directiva.

O control de accesos implica: listaxe dos asistentes e deportistas, control da temperatura e desinfección das mans e do calzado.

Non poderá acceder a unha instalación deportiva calquera persoa que teña unha temperatura corporal de 37.5 grados ou superior.

No control de accesos garantirase que se cumpre co aforo máximo permitido pola normativa autonómica en materia de Covid-19, así como coa distancia interpersonal de 1,5 metros.

O Concello de Camariñas ten definido que hai diferentes aforos en función do xeito de entrada, así:

Pavillón Polideportivo Municipal “Víctor Vigo”

Individualmente a capacidade máxima será de: 57

En parellas da mesma unidade familiar: 86

En grupos de tres da mesma unidade familiar: 104

En grupos de catro da mesma unidade familiar: 122



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Campo de Fútbol Municipal “Hermanas Patiño”

Individualmente a capacidade máxima será de: 24

En parellas da mesma unidade familiar: 36

En grupos de tres da mesma unidade familiar: 48

En grupos de catro da mesma unidade familiar: 54

Pavillón Polideportivo Municipal de Ponte do Porto

Individualmente a capacidade máxima será de: 30

En parellas da mesma unidade familiar: 50

En grupos de tres da mesma unidade familiar: 58

En grupos de catro da mesma unidade familiar: 62

Os/as espectadores/as que acudan ás instalacións deportivas municipais deberán levar máscara en todo momento, desinfectar as mans na entrada e antes de acudir a un aseo, e desinfectar o calzado.

A día de hoxe o aforo máximo permitido é de 60 persoas na normativa autonómica.

5. COMUNICACIÓN DE CASOS POSITIVOS POR COVID-19

As entidades deportivas comprométese a comunicarlle ao técnico/a municipal os casos positivos por Covid-19 que poidan xurdir respecto de todas aquelas persoas que accedan as instalacións deportivas municipais.

A comunicación deberá realizarse no mesmo momento en que se coñeza o positivo e por calquera medio que garanta que chega a dita información.

A maiores, deberase formalizar o dito comunicado por escrito mediante correo electrónico ao enderezo deportes@camarinas.net, no primeiro día hábil seguinte a coñecer o positivo. A presentación de este escrito debe vir acompañada da relación de persoas que tiveron contacto co positivo no mesmo equipo.

Nos casos de que existan casos positivos nun equipo, o Concello da Camariñas poderá decidir pechar a instalación para unha desinfección e limpeza en profundidade.

Ademais, a entidade deportiva terá a obriga de comunicarlle á Consellería de Sanidade que a persoa positiva por Covid-19 adestra ou compite nunha instalación deportiva municipal e nun equipo en concreto, co fin de conseguir que se lle fagan test Covid-19 a todas as persoas que tiveron contacto.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

6. OUTRAS NORMAS

Acceder á instalación con máscara, non se permitirá o acceso sen ela.

Ao entrar na instalación hixienizar mans e calzado na zona habilitada para tal efecto e coller o material que lle faciliten en conserxería.

Obrigatorio moverse e permanecer na instalación con máscara, sexa cala sexa a súa función.

O concello habilitará unhas unhas bolsas (estas de só un uso) **e/ou bandexas** para que os deportistas, poidan depositar as súas pertenzas no lugar establecido para tal efecto. Esas bandexas serán desinfectadas despois de cada adestramento ou encontro.

Unha vez rematado o adestramento ou encontro cada persoa recollerá a súa bolsa (a cal hai que tirala no contedor amarelo) sairán coa distancia social establecida, pola porta que estea indicada.

Antes de saír da instalación farase hixiene de mans, na zona establecida.

As bandexas deixaranse no lugar onde estaban e serán recollidas pola conserxería da instalación.

A máscara suplente (no suposto dos deportistas) será obrigatorio acudir con ela.

O calzado que se use para os adestramentos, non ten porque ser e ademais é o recomendable, o mesmo co que se accede á instalación, polo tanto, antes de empezar a actividade en pista haberá que hixienizalo, para iso o concello, poñerá á disposición dos equipos alfombras desinfectantes.

Todo mobiliario usado por algún compoñente do equipo, debe de ser identificado co fin de facerllo saber á persoa de limpeza para que proceda, unha vez rematada a sesión a desinfectalo.

O material que usen os equipos serán da súa propiedade e non se poden intercambiar entre eles a non ser que os hixienicen despois de cada uso. O concello non cederá, nin se fará cargo de ningún material dos clubs.

Non se permitirá o uso de vestiarios nin de duchas nos adestramentos.

Está totalmente prohibido venda de bebidas e comidas.

Está totalmente prohibido compartir auga, comida en todo momento e roupa (petos) nos encontros e adestramentos.

Permítese o uso dos inodoros, pero despois de cada uso hai que informar á conserxería obrigatoriamente. **Está prohibido beber auga das billas.**

Distribución de horas e espazos de adestramentos, cederase **1/2 campo** cando estea previsto o uso da instalación por máis dun equipo na seguinte quenda de adestramento, co fin de limpar e desinfectar o usado unha vez rematada a quenda primeira de adestramento. **Polo tanto recoméndase aos clubs que organicen** os seus adestramentos cun máximo de 12 persoas por grupo co seu adestrador/a. **Teñen que lembrar os clubs que queiran facer uso de toda a cancha de xogo**, que despois do seu uso, teríase que limpar a cancha de xogo e que non daría tempo para que o utilizaran as seguintes actividades ou adestramentos nas condicións sanitarias axeitadas



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO 1.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CLUB PARA A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE (NOME DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA)

D./Dna, con DNI/NIE nº.....,
como responsable do club..... con
CIF, e enderezo en

DECLARA:

1. A entidade á que represento está legalmente constituída, inscrita no rexistro de entidades deportivas de Galicia co nº e no rexistro municipal de asociacións do Concello de Camariñas co nº, antes da presentación desta solicitude, dispoñendo de estatutos adaptados á lexislación vixente e que o obxecto determinado nos mesmos faculta a participación nesta solicitude.
2. A entidade conta co seguro de responsabilidade civil e todos/as os deportistas teñen en vigor a licenza deportiva ou seguro de accidentes deportivo obrigatorio para desenvolver a actividade físico-deportiva.
3. Que todos/as os membros da entidade (directivos, adestradores e deportistas) coñecen o **protocolo COVID-19** elaborado e publicado pola federación deportiva á que pertence, e que se comprometen co cumprimento do mesmo de forma exhaustiva.
4. Que todos/as os membros da entidade (directivos, adestradores e deportistas) coñecen o **protocolo COVID-19** da instalación deportiva para a que solicitan o seu uso, e que se comprometen co cumprimento do mesmo de forma exhaustiva.
5. Que, pese á existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos que entraña a situación pandémica actual.
6. Que persoa asinante desta declaración desenvolverá as funcións de **persoa coordinadora COVID-19**, comprometéndose a cumprir coas funcións establecidas nos distintos protocolos. Por todo isto, declaro que, todos os compoñentes do corpo técnico, directivos e deportistas do club cumprirán cos protocolos Covid-19 da instalación e da federación correspondente vixentes en cada momento.

En Camariñas, a..... de..... de.....

Asdo.: